



Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación menor dos servizos de bar e mantemento da piscina do Castro

1. Obxecto do contrato.- O contrato ten por obxecto os servizos de explotación dun bar nas instalacións da piscina “Pía do Loureiro”, sita nas Cerámicas do Castro para venda de xeados, lamberetadas, refrescos e bocadillos, así como o mantemento de dita piscina, con suxeición ás prescricións técnicas aprobadas.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato son as de ofrecer servizos aos usuarios da piscina, en exercicio da competencia municipal de promoción do deporte e da ocupación do tempo libre.

O contrato se cualifica como administrativo especial de servizos, de conformidade co artigo 19.1.b) do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante TRLCSP), e ten a consideración de contrato menor pola súa contía.

Código CPV: 55410000-7 Servicios de Gestión de Bares. 92620000-3 Servicios relacionados con los deportes.

En caso de discrepancia entre os pregos ou demais documentación contractual, prevalecerá este Prego de Cláusulas Administrativas particulares.

2. Procedemento de adxudicación.- O contrato adxudicarase con respecto aos principios de liberdade de concorrência e publicidade, previa convocatoria mediante anuncio no perfil do contratante do Concello, a favor do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, que será a que ofrezca ao Concello o canon máis alto.

3. Capacidade para contratar.-

3.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

3.2.- Habida conta do valor estimado do contrato inferior a 35.000 euros, os licitadores están exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira e de acreditación da solvencia técnica e profesional.

Non obstante, o licitador proposto para adxudicación deberá acreditar antes desta o cumprimento dos seguintes requisitos:



- Dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil de como mínimo 600.000,00.- euros de cobertura polo total dos accidentes que poidan ocorrer como consecuencia da execución do contrato.
- Carné de manipulador de alimentos expedido polo organismo competente para as persoas que vaian atender o bar.
- Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais de todo o persoal adscrito ao contrato.

3.3.- Os que contraten coa Administración poderán facelo por si ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso (art. 21 RG).

4. Canon de licitación.- O canon mínimo será de 600,00.- euros (seiscentos euros), realizándose a mellora á alza. Dito canon pagarase na Tesourería municipal con carácter previo ao comezo da execución do contrato, decaendo o adxudicatario de todos os seus dereitos como tal en caso contrario.

5. Período de duración do contrato.- Abrangue o período comprendido dende o día seguinte á notificación da adxudicación ata o 31 de agosto de 2017, sen que exista posibilidade de prórroga ningunha.

6. Proposicións para optar á adxudicación.- Para optar á adxudicación presentárase a documentación que se indica, no Rexistro Xeral do Concello, situado na Avenida da Mariña, nº 25, de luns a venres en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, durante o prazo de OITO días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *perfil de contratante do Concello*. No caso de que o derradeiro día coincida en sábado, domingo ou festivo o prazo finalizará o seguinte día hábil.

As proposicións presentáranse en dous sobres pechados, que poderán estar lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, nos que figurará "PROPOSICIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE BAR E MANTEMENTO DA PISCINA DO CASTRO", co contido e requisitos seguintes:

· **Sobre A, subtítulo "Documentación xeral":**

Que conterá como único documento unha declaración responsable do licitador segundo o seguinte modelo:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, rúa _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en nome propio ou en representación de _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación no procedemento _____ para contratación de _____, ante o Concello de Sada

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:



PRIMEIRO.- Que o licitador cumpre todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato mencionado, en concreto:

- Posúe personalidade xurídica propia e conta con plena capacidade xurídica e de obrar.
- Cumpre cos requisitos de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, conforme ao establecido no Prego.
- Nin a empresa, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso nas prohibición para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Sométese á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador (*no caso de empresas estranxeiras*).
- ☐ Autoriza ao órgano de contratación a recompilar os datos que obren en poder das Administracións Públicas que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións efectuadas.
- ☐ Comprométese a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se lle envíen á seguinte dirección de correo electrónico: _____.
- ☐ Non pertence a un grupo de empresas nin ten ningún socio no que concorran algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio
- ☐ Pertence ao grupo de empresas _____, ou ten algún socio no que concorre algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
- Está inscrito nos rexistros de licitadores que a continuación se indica xunto co correspondente número de inscrición, e que as circunstancias rexistradas relativas aos requisitos esixidos ao licitador para admisión nesta contratación están vixentes e non experimentaron variación:
- A persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar ao licitador nesta contratación.

SEGUNDO.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que fai referencia o apartado anterior desta declaración, no caso de ser proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que se lle requira para isto.

E para que conste, asino a presente declaración.

(lugar, data, sinatura do declarante e selo da empresa)

· **Sobre B, subtitulado: “Proposición económica”**

Conterá só a proposta económica conforme ao seguinte modelo:



“D., con domicilio en, rúa, nº., teléfono, con DNI (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) nº, actuando en nome propio (ou en representación de, DNI ou CIF nº, e con domicilio en, rúa, nº, toma parte na adxudicación do contrato menor dos Servizos de bar e mantemento da piscina do Castro, tempada de verán 2017, e a tal efecto fai constar:

- 1) Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven para o adxudicatario do Prego de Cláusulas deste contrato.
- 2) Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas.
- 3) Que opta á adxudicación ofrecendo o canon de _____.- euros (*en letra e número*)
(Sada)....., a de de 2017

O licitador (asinado e rubricado)”

En caso de discrepancia entre as cantidades indicadas en letra e número, prevalecerá a indicada en letra.

7. Adxudicación.-

7.1. Os servizos municipais de contratación procederán o día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación de proposicións á apertura dos sobres A e a valorar a documentación contida neles, sendo excluídas as proposicións que non presenten a declaración responsable conforme ao modelo establecido.

7.2. O licitador proposto para a adxudicación será requirido para presentar antes desta o documento acreditativo da formalización da póliza do seguro e certificados aos que se refire a cláusula 3ª deste Prego. De non atender o requirimento no prazo concedido, entenderase que o licitador retira a súa oferta e solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

7.3. Cumprido canto antecede, efectuarase a adxudicación por resolución motivada da Alcaldía, que será notificada a todos os licitadores e será publicada no perfil do contratante. Como establece a cláusula 2ª, o único criterio de adxudicación será o importe máis alto do canon ofrecido.

8. Obrigas do adxudicatario.-

- O adxudicatario está obrigado a desenvolver os traballos de mantemento da piscina e de servizo de bar de acordo co Prego de Prescricións técnicas, co presente Prego de Cláusulas e conforme ás normas de policía sanitaria e demais disposicións de aplicación á actividade.



- O adxudicatario disporá do persoal necesario para a boa execución dos labores propios do contrato. O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso terá vínculo ou relación laboral, contractual, funcional ou de natureza ningunha con respecto ao Concello durante a vixencia do contrato nin ao termo ou resolución deste.
- Igualmente estará obrigado ao cumprimento da lexislación de carácter social e laboral, debendo acreditar perante o Concello de Sada, sempre que este o solicite, acharse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
- As instalacións do bar e da piscina deberán reunir en todo momento as debidas condicións hixiénico-sanitarias.
- Transcorrido o prazo de adxudicación, o concesionario deixará libre e baldeira e a disposición do Concello a instalación obxecto do contrato, en perfecto estado de conservación, nun máximo de sete días.
- Será obriga do contratista indemnizar os danos e prexuízos que se causen a terceiros, por si ou por persoal ou medios dependentes del, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, agás os ocasionados a consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.
- O adxudicatario ten a obriga de facerse cargo de todos os gastos de subministracións e demais derivados ou necesarios para o mantemento da piscina e a explotación do bar.
- Realizará por si mesmo o servizo, sen poder subcontratar, ceder nin traspasar o contrato de ningunha forma.

9. Principio de risco e ventura.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, que só terá dereito a indemnizacións nos casos que establece a lexislación vixente.

10. Réxime xurídico.- Este contrato ten carácter administrativo especial e rexerase polo establecido neste Prego e no Prego de Prescricións Técnicas, sendo de aplicación para o non previsto nel o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.



C O N C E L L O
D E
S A D A
(A C O R U Ñ A)

Este Prego, que consta de 6 páxinas, foi aprobado pola Alcaldía o 30-6-2017.-
O Secretario, na data de sinatura dixital.

A Orde Xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Sada, 30 de xuño de 2017